

VIVAS EN NÓS

MULLERES REPRESALIADAS POLO
FRANQUISMO NA CORUÑA
A RAÍZ DE 1936

Carmen Blanco - Claudio Rodríguez Fer



CADERNOS REPUBLICANOS

I


VIVAS EN NÓS

MULLERES REPRESALIADAS POLO
FRANQUISMO NA CORUÑA
A RAÍZ DE 1936

Carmen Blanco - Claudio Rodríguez Fer

CADERNOS REPUBLICANOS

I



ÍNDICE

MULLERES AVANZADAS	5
A BIBLIOTECARIA JUANA CAPDEVIELLE	8
A MESTRA MERCEDES ROMERO ABELLA	10
AS PROLETARIAS DO PORTO	14
AS RESISTENTES DAS ATOCHAS	16
PRESAS E FUXIDAS	18
ESPOLIADAS E REFÉNS	20
EXILIADAS E FILLAS DO EXILIO	24
VIVAS EN NÓS	32
MULLERES EXECUTADAS DENDE O 18 DE XULLO DE 1936 QUE FIGURAN NO MEMORIAL DA CORUÑA	33
POEMA “PAZ PARA SEMPRE” QUE FIGURA NO MEMORIAL DA CORUÑA	34



MULLERES AVANZADAS


Borráronas da historia e malia todo setenta anos despois hai quen as ama.

O extraordinario esforzo persoal realizado polas mulleres máis conscientes durante a II República, moitas delas afiliadas a asociacións progresistas, partidos de esquerda ou sindicatos de clase, foi paralelo aos avances sociais que potenciaron a súa presenza na vida pública e a afirmación do dereito ao traballo fóra do fogar, así como a ampliación da súa liberdade e dos seus dereitos de cidadanía.

Mais o levantamento de 1936 non só interrompeu estes avances, senón que tratou de exterminar toda independencia de criterio feminina, liquidando, encarcerando ou acosando as mulleres máis significadas ou resistentes, ás veces con sádica violencia sexista. A maioría das vítimas mortais foron proletarias militantes e familiares de fuxidos, mais tamén pereceron intelectuais comprometidas e mestras politizadas. Pero as vítimas foron moitas máis que as asasinadas directamente polos verdugos e os males causados pola represión franquista afectaron gravemente a vida da inmensa maioría das mulleres.



A BIBLIOTECARIA JUANA CAPDEVIELLE



ESTHER CASARES, INTERNADA NO HOSPITAL MILITAR DE FERROL



A ACTRIZ MARÍA CASARES



ESTHER CASARES COA SÚA FILLA ESTHER VARELA CASARES



ANTONIA PARDO MÉNDEZ COS SEUS FILLOS MERCEDES E ISAAC DÍAZ PARDO



A MESTRA MERCEDES ROMERO ABELLA



JOSEFINA GONZÁLEZ CUDEIRO E ANTONIO SEOANE SÁNCHEZ, APRESADOS NA CORUÑA EN 1948



CARMEN TEMPRANO SALORIO



FILLAS E TERCEIRA MULLER DO ANARQUISTA JOSÉ VILLAVARDE



A COSTUREIRA MARÍA MIRAMONTES MATOS



ALBERT CAMUS E MARÍA CASARES



A PROLETARIA ANARQUISTA SEBASTIANA
VITALES GASCON



A MESTRA ELVIRA BAO MACEIRAS



JOSEFINA GONZÁLEZ CUDEIRO (1ª POLA DEREITA)
E MARÍA BLÁZQUEZ (SENTADA) NO CÁRCERE DE SEGOVIA

A BIBLIOTECARIA
JUANA CAPDEVIELLE



A BIBLIOTECARIA

JUANA CAPDEVIELLE

O temor e o odio á muller intelectual, capaz de utilizar a súa intelixencia contra o fascismo, materializouse no asasinato de Juana Capdevielle San Martín, licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Madrid e activa bibliotecaria e arquivista nesa Facultade e no Ateneo madrileño. En 1934, presentou nun congreso de pedagogía sexual o avanzado relatorio “El problema del amor en el ambiente universitario”, onde defendeu a paridade amorosa e a co-responsabilidade na procreación fronte ás hipocrísias burguesas, e en 1935 realizou nun congreso da súa especialidade unha proposta sobre “Bibliotecas de hospital”, pois pensaba que poderían cumprir unha función terapéutica e cultural.

Esposa do gobernador civil republicano de A Coruña, Francisco Pérez Carballo, con quen colaborou estreitamente, foi encarcerada e secuestrada, tras ser fusilado o seu marido, para ser finalmente asasinada e abandonado o seu cadáver en Rábade (Lugo), onde permanece enterrada, o 18 de agosto de 1936. Ela, preñada e con vintenove anos, e o seu home, con vintecinco, simbolizaban o brillo do presente republicano e o esplendor do porvir, e encarnaban o cambio protagonizado pola xuventude progresista que chegou ao poder durante a II República coa ilusión de modernizar a sociedade baixo os principios da xustiza e a liberdade, brutalmente erradicados polo levantamento franquista.

A JUANA CAPDEVIELLE

*Dispararon á cabeza de mapoula,
mais medraron libres as silveiras
e nunca desfaleceron as ideas.*

*Dispararon ao corazón de rosa,
mais volveron voar as bolboretas
e nunca feneceron os amores.*

*Matárona co prexuízo sen xuízo,
coma quen queima xestas florecidas,
e por iso é patrimonio da xustiza.*

*Chamábase Juana Capdevielle
como podía chamarse a vida mesma:
morreu, como viviu, de amor e liberdade*

*En Rábade deixounos un caravel
para reinventar o amar, un xirasol
co que pacer a paz e unha violeta
para fabricar futuros máis muller.*



JUANA CAPDEVIELLE TRABALLANDO
NA BIBLIOTECA DE FILOSOFÍA
E LETRAS DE MADRID

O AMOR É INDESTRUTIBLE

Juana, fúches o máis fermoso da miña vida. Onde estea e mentres poida pensar, pensarei en ti. Será como se estivésemos xuntos. Deixáchesme dito na noite do vinte e catro de xullo de 1936 antes de que te matasen. Paco, fúches o máis fermoso da miña vida. Onde estea e mentres poida pensar, pensarei en ti. Será como se estivésemos xuntos. Dígoche na noite do dezaoto de agosto de 1936 antes de que me maten. E penso: quitaranme a vida, mais non me quitarán o amor porque o amor é indestrutible.



ESCULTURA DE COUSELO
CON POEMA DE FER A JUANA
CAPDEVIELLE EN RÁBADE

MERCEDES ROMERO ABELLA
E FRANCISCO MAZARIEGOS



A MESTRA

MERCEDES ROMERO ABELLA

Castelao inmortalizou no debuxo dun mestre asasinado que choran uns nenos “A derradeira lección do mestre”, pois o mestre, que representaba a cultura e o progreso, foi vítima frecuente do fascismo, que vía na extensión educativa da II República unha ameaza para o seu autoritarismo. Mais cómpre non esquecer que igual destino padeceron tamén algunhas mestras, co agravante de sufrir, ademais da morte, a violencia machista dos seus verdugos. Moitas outras mestras foron depuradas do seu posto de traballo, e algunhas mesmo padeceron prisión, como a galeguista Elvira Bao Maceiras.

A mestra socialista Mercedes Romero Abella, natural de Cee e criada en Corcubión, casou co sindicalista Francisco Mazariegos, con quen tivo dous fillos. Exercía a docencia na Escola de Nenas de Monelos (A Coruña). Tras ser fusilado na Coruña o seu marido, o socialista Francisco Mazariegos, en 1936, foi secuestrada, asasinada e arrebolada ao río Mandeo na Ponte da Castellana no outono do mesmo ano. Está enterrada en Vilarraso, nas terras de Aranga

A DERRADEIRA LECCIÓN DA MESTRA

*A derradeira lección da mestra
foi alongarse da preposición propia
indo contra corrente cara á suma.*

*A derradeira lección da mestra
foi debuxar con xiz sobre o verbo
as ondas orixinais de Corcubión.*

*A derradeira lección da mestra
foi a primeira clase obreira
na súa escola laica de Monelos.*

*A derradeira lección da mestra
foi amar no prisma da Coruña
e concibir planetas e cadernos.*

*A derradeira lección da mestra
foi metrallada nas terras de Aranga
escritas no monte polo río Mandeo.*

*A derradeira lección da mestra
foi enterrada ao raso en Vilarraso
como toda a inocencia da lousa.*

*Ocultárona lonxe dos pupitres parapetos
para que ningún aprendese o silabario
da súa última clase marsupial,
pero as vogais axexaban na Fervenza;
os mapas, na Ponte da Castellana;
o xerundio, no Chelo da Espenuca;
na Costa do Sal, a raíz cadrada;
no Barranco da Loba, o cartabón;
nos Montes do Gato, a clorofila,
e a fluvial regra de tres nos afluentes
libres coma libros pola Serra da Loba.*

*Ela daba leccións de humanidade.
E nunca esqueceremos consoantes
a derradeira lección da nosa mestra.*




MERCEDES ROMERO ABELLA, COA SÚA FILLA A SÚA DEREITA,
E AS NENAS DA ESCOLA DE MONELOS



O MANTÓN DA MESTRA

No outono de 1938 Mercedes Romero Abella, moza mestra de Monelos, cando tiña xa todo preparado para fuxir ao exilio, despois de ser fusilado o seu home, o socialista Francisco Mazariegos, foi separada dos seus dous pequenos fillos na súa casa da Coruña por uns homes de escuro para ser paseada e finalmente arbolado o seu corpo desde a ponte da Castellana ao río Mandeo. Antes de que se descubrise o cadáver, na Costa do Sal apareceu o seu mantón de loito ensanguentado. A súa irmá política foi recollelo e acudiu á comisaría de policía para preguntar por ela. Ante a resposta cómplice de que non sabían alí nada dela, tiroulles aos pés o mantón da mestra como viva lección de dignidade que sobreviviría nos seus fillos orfos.





ÁMOTE VERMELLA, DE CLAUDIO RODRÍGUEZ FER,
CON GRAVADOS DE SARA LAMAS

AS PROLETARIAS

DO PORTO

As mulleres proletarias afiliadas a sindicatos de clase, sobre todo aos de industria pesqueira da CNT, opuxéronse ao golpe militar con manifestacións na rúa e logo participaron na reorganización obreira na clandestinidade. Algunhas foron abatidas en enfrontamentos nas rúas e en asaltos a domicilios, outras foron paseadas en lugares apartados. Moitas máis foron encarceradas e sometidas a torturas. Entre as vítimas predominaron as empacadoras, atadoras e pescantinas, pero tamén houbo metalúrxicas, panadeiras, costureiras, etc. Tras a guerra civil, a muller proletaria galega tardaría décadas en volver ter a presenza cualitativa e cuantitativa que alcanzara durante a II República nos sindicatos de clase.

Boa parte das proletarias abatidas foron baleadas na Coruña, como María Bello Paz e Teresa Varela Calviño, cenetistas do sindicato de industria pesqueira que pereceron a tiros nos enfrontamentos de 1936.

FRAGMENTO DE “ÁMOTE ANARQUISTA”

*Non puido ter esperanza sen medo
nin medo sen esperanza María Bello Paz,
empacando peixe no porto da Coruña
ata a hora en que os poderes de xullo
bateron resistencias de mulleres
como pescadas que lesen a Spinoza
onde eu ámote anarquista ou morte.*


*Así quizais pensaba Teresa Varela Calviño,
sindicando xoubas no porto da Coruña
ata ser baleada polo chumbo de outubro,
a revolución na patela e a patela na cabeza
e o peixe despezado, destripado e empacado
polas mans nunca inertes da proletaria morta,
pois nos foxos comunais eu anarquista ámote.*




MULLERES ANTIFASCISTAS PUÑO EN ALTO
NA CORUÑA EN XULLO DE 1936



FILLAS E TERCEIRA MULLER DO
ANARQUISTA JOSÉ VILLAVERDE



ATRACCIÓN TOTAL,
DE CARMEN BLANCO



CASAS ANARQUISTAS DE MULLERES LIBERTARIAS,
DE CARMEN BLANCO

AS RESISTENTES

DAS ATOCHAS

Moitas mulleres proletarias serviron de enlaces na reorganización da resistencia obreira, sobre todo da FAI e da CNT, e nos intentos de fuxida por mar dos antifascistas agachados, como foi o caso da frustrada operación do Portiño na Coruña. Ademais, a miúdo ocultaron nas súas casas persoas perseguidas. Un bo número delas pagaron coa vida este solidario labor de axuda e acollida, xa que foron delatadas ou descubertas e asasinadas nos asaltos ás súas propias vivendas. Outras moitas foron maltratadas e encarceradas.

Caso particularmente tráxico foi o das matanzas do barrio obreiro das Atochas na Coruña o 10 de xullo de 1937, tras o asalto ás vivendas de María Otero González, viúva dun executado, e de Alicia Dorado, panadeira que acollía no faiado que habitaba aos anarquistas Acebedo e Fournarakis. No ataque pereceron as dúas mulleres e numerosos agachados, así como foron feridos nenos veciños e detido un líder da FAI.

FRAGMENTO DE “ÁMOTE ANARQUISTA”

*Lares de María Otero e de Alicia Dorado,
refuxios coruñeses das Atochas,
Atocha Alta, Atocha Baixa, Monte Alto,
atochas nas alpargatas abatidas a balazos,
viúvas vermellas de mariñeiros sen mar...*

*Morada de María de Allariz, Atocha Alta,
trinta e tres anos e morta con tres máis,
sen contar nenos feridos no masacre,
cantando a Internacional a berro aberto
como quen entra no inferno proclamando
utopías contra a angustia do fascismo.
Porque as crónicas non foron escritas
con tinta, senón co fío das costureiras
e a verdade na punta dunha agulla.*

*Alí foi a última vez que se viviu a vida
iluminando a loita con tanta liberdade,
pois ámote e anarquista, última luz e ponte.*

*Faiado de Alicia en Villa Rosalía,
Rúa do Carme e vinte e cinco anos,
preguntou quizais Fournarakis a Acebedo,
pouco antes de morrer os dous a tiros:
- Sabes que o nome da túa compañeira
significa a verdade en lingua grega?
- O nome da compañeira significa a verdade
en todos os idiomas do mundo, contestou.
- Pois a verdade vai morrer axiña,
terzou Alicia, e os tres máis outro
feneceron cribados ante a última verdade,
e ámote alí anarquista iluminando aos libres.*

As mulleres resistiron en medio do terror moi especialmente nas Atochas e noutros barrios populares da cidade da Coruña, corazón anárquico de Galicia creado por loitadoras e loitadores libertarios como José Villaverde Velo, asasinado tras o golpe, que deixou viúva a Palmira Otero de Ois e orfas a Olga Villaverde Otero, Mar y Luz Villaverde Otero, Nieves Libertad Villaverde Mosteiro e Fraternidad Villaverde Mosteiro.



AS CENETISTAS CONSUELO MEITÍN RODRÍGUEZ
E BASILISA ÁLVAREZ GONZÁLEZ, A CORALES




JOSEFINA GONZÁLEZ CUDEIRO
(1ª POLA DEREITA) E MARÍA BLÁZQUEZ
(SENTADA) NO CÁRCERE DE SEGOVIA



A MESTRA ELVIRA BAO MACEIRAS



JOSEFINA GONZÁLEZ CUDEIRO E ANTONIO SEOANE SÁNCHEZ,
APRESADOS NA CORUÑA EN 1948



JOSEFINA GONZÁLEZ CUDEIRO

PRESAS E FUXIDAS

Terrible foi a situación das numerosísimas mulleres que ingresaron no cárcere, ás veces deixando familiares no desamparo. O cárcere era a miúdo un lugar de pretendida humillación para as presas políticas, que adoitaban afrontalo cunha gran dignidade. Entre as residentes na Coruña, encóntranse as cenetistas Consuelo Meitín Rodríguez e Basilisa Álvarez González, A Corales, que viviu fuxida dramáticos momentos, ou a galeguista Elvira Bao Maceiras.

Máis tarde a represión continuaría exercéndose contra numerosas loitadoras fronte á ditadura, como as comunistas Josefina González Cudeiro, que padecería cárcere e exilio despois de ser detida na Coruña o 10 de xullo de 1948 xunto co Xefe do Exército Guerrilleiro de Galicia Antonio Seoane Sánchez, ou María Blázquez del Pozo, detida tamén na Coruña o 11 de xullo de 1948 xunto co secretario xeral do Partido Comunista de Galicia José Gómez Gayoso, cando estaba embarazada e que tería logo o seu fillo José no cárcere: as dúas foron procesadas e viviron as consecuencias da morte dos seus compañeiros executados a garrote vil en novembro de 1948 na mesma cidade.

A CORALES

No esplendor do movemento operario anarquista coruñés do século XX brilla a vida de Basilisa Álvarez González, alcumada A Corales e Sofía Rodríguez. Era ela unha muller libre moi humilde que se dedicara sendo noviña á prostitución e logo á venda de peixe no Muro d'A Coruña. Era ela tamén unha libertaria pertencente á Sección de Empacadoras do Sindicato de Industria Pesquera, do que foi delegada, e á agrupación Mujeres libres, creada en 1936. Despois do levantamento fascista mantívose resistente e colaborou activamente na rede de apoio á xente fuxida. Na súa casa do barrio das Atochas, situada en Atocha Alta, 2, baixo, tivo agachados ata o 18 de xuño de 1937 en que a súa casa refuxio foi asaltada. Na redada foi detido Antonio Chamorro e ela e o resto dos agachados conseguiron fuxir por unha fiestra. Con posterioridade, pasou a vivir clandestinamente baixo o nome de Sofía Rodríguez. Mentres, foi procesada na causa contra Antonio Chamorro, sendo declarada en rebeldía e ditando contra ela orde de busca e captura. Neste tempo na clandestinidade levou unha existencia moi dura na que se dedicou a vagar agachada por aldeas e montes pedindo esmola ata que volveu, esfarrapada, á cidade d'A Coruña a refuxiarse na Gaiteira, na casa da viúva Emilia Calderón, e colaborou na tentativa de fuga polo mar da liberdade na traíñeira "Tres Hermanos". A consecuencia desta tentativa foi detida no outono de 1938 e condenada a 20 anos de cárcere o 16 de novembro de 1938. No momento da súa detención na humildísima casa da viúva na que se ocultaba non tiña nin roupa e saíu dela envolta nunha mísera manta. Nas dúas causas nas que foi procesada aparece relatada a dureza da súa vida e a súa constancia militante, ao tempo que se di dela que tiña pouco máis de corenta anos cando foi detida, que era inimiga acérrima da relixión e que na manifestación do 1 de maio de 1936 ía á fronte da multitude revolucionaria portando unha bandeira vermella e vestida toda ela de vermello. Vestida de vermello e con bandeira vermella ao vento, así vía o fascismo a esta muller vermella. Mais ela era unha humildísima muller libre que levaba na súa vida moi alta a bandeira negra da anarquía.

PENSAMOS CON INFINITA ESPERANZA NO POR VIR

Son Elvira Bao. Son Urania Mella. Humíllannos mandándonos limpar as latrinas do cárcere. Non nos importa. Este traballo iguálanos a todas as mulleres humildes do mundo. E mentres o facemos pensamos con infinita esperanza no por vir.



ANTONIA PARDO MÉNDEZ COS SEUS FILLOS ISAAC E MERCEDES DÍAZ PARDO



ANTONIA PARDO MÉNDEZ COS SEUS FILLOS
MERCEDES E ISAAC DÍAZ PARDO



ESTHER CASARES COA SÚA FILLA
ESTHER VARELA CASARES

ESPOLIADAS E REFÉNS

Mención especial merece o sufrimento que houberon de soportar as miles de vítimas femininas colaterais, entre elas, moi especialmente as nais, as viúvas, as orfas, as irmás ou as compañeiras dos asasinados. Marcadas socialmente polo seu parentesco ou pola súa relación, e a miúdo arruinadas economicamente pola incautación de bens e a falta do apoio ou do sostén da familia, tiveron que padecer en silencio as súas traxedias, ás veces en completa soidade. Non é de estrañar que moitas delas toleasen de dor, como Antonia Pardo Méndez, filla de anarquista, viúva do pintor galeguista Camilo Díaz Baliño, asasinado, e nai do tamén pintor e activista Isaac Díaz Pardo, que sobreviviu agachado na Coruña, e da súa irmá Mercedes Díaz Pardo, que saíu buscar o corpo do pai paseado en Palas de Rei (Lugo):

AS TOLAS SOÑANDO

*Perderon ata a razón,
o único que lles quedaba.*

*Pero non perderon o amor
que quixeron quitarlles.*

Ademais, algunhas delas foron convertidas en reféns, pois se lles impedía saír de España para neutralizar os seus seres queridos no exilio. Tal foi o caso de Esther Casares Quiroga, que levaba os apelidos paternos, e a súa filla Esther Varela Casares, retidas durante dezanove anos só polo feito de seren filla e neta do dirixente republicano Santiago Casares Quiroga, que fora ministro e presidente do Goberno da II República, e aprisionadas en Galicia para chantaxear os que as amaban.

AS REFÉNS

Humilla a humillación a quen humilla.

*A pillaxe, a rapina, a incautación
de todo non son máis
que libros de cinza
nas poutas postizas dos saqueadores.*


*Tiñan en contra o seu contorno.
Elas só posuían a desposesión.
Pero queríanse ata abismos
inaccesibles aos impostores.*

*Porque só se ama
dende o desprendemento.*

Triste é ser mesquiño na vinganza.

*Roubaron os bens
pero non o ben.
Borraron e queimaron
os símbolos tanxibles.*

*Mais a refén foi bandeira
de dignidade invicta
en propia praza.*



ESTHER CASARES, INTERNADA
NO HOSPITAL MILITAR DE FERROL

COLLIÁN OS PUNTOS ÁS MEDIAS

Na ditadura a refén dos fascistas Esther Casares collía os puntos ás medias n'A Coruña da súa liberdade provisoria. Como collía os puntos ás medias Urania Mella en Lugo ao saír do cárcere. Collían os puntos ás medias cansando os seus ollos libres e cansando os seus dedos libres afeitos á lectura libre e a tocar o piano libremente. Collían os puntos ás medias para gañarse a vida e a dos seus fillos. Collían os puntos ás medias para sobreviviren ata a liberación do exilio e da morte. E a morte chegaría correndo acelerada polos horrores da represión e do cárcere, como corrían acelerados os puntos nas carreiras das medias, perna arriba e perna abaixo. Elas, que collían con mestra paciencia os puntos das medias, non puideron coller en tempo os puntos da carreira da morte. Mais a memoria da súa dignidade resistente brilla como a pel de seda das pernas das mulleres sen medias de seda atravesando con fortaleza a adversidade. E emancípanos.



ESTHER CASARES QUIROGA



GLORIA PÉREZ CORRALES



A PROLETARIA ANARQUISTA SEBASTIANA VITALES GASCÓN



FAMILIA CASARES (SENTADOS ESTHER, SANTIAGO E MARÍA CASARES, E GLORIA PÉREZ)

serie / DOCUMENTOS

Ana María Alvajar I.. Jean

SOLTANDO LASTRE

memorias



EDICIÓN DO CASTRO

SOLTANDO LASTRE, DE ANA MARÍA ALVAJAR



A COSTUREIRA MARÍA MIRAMONTES MATOS

EXILIADAS E FILLAS

DO EXILIO

Unha das grandes perdas da Galicia da posguerra foi a fuga de activos cerebros femininos e de importantes loitadoras pola liberdade que tiveron que exiliarse para salvar a vida ou para vivir en liberdade, a miúdo despois de andar fuxidas, combater na clandestinidade, sufrir encarceramento ou padecer a morte dos seus seres queridos.

Despois de vivir numerosas tribulacións durante a guerra civil, puideron exiliarse Gloria Pérez Corrales, esposa de Santiago Casares Quiroga, e a súa filla María Casares Pérez, que había de ser actriz, así como moito máis tarde Esther Casares Quiroga e Esther Varela Casares, filla e neta do dirixente republicano en cuestión; a republicana e galeguista Amparo López Jean, esposa do republicano César Alvajar Diéguez, e as súas fillas María Amparo, Ana María e María Teresa Alvajar López (a primeira polifacética intelectual e a segunda autora das memorias *Soltando lastre*); a anarquista Sebastiana Vitales Gascón, compañeira do tamén anarquista Francisco Ballón Pequeño, asasinado; a modista María Miramontes Matos, muller e colaboradora do editor e alcalde de Santiago Ánxel Casal, fusilado; Syra Alonso Bruffau, compañeira do pintor asasinado Francisco Miguel, da que se publicaron os seus *Diarios*; a bióloga republicana residente en México María Luísa Viqueira Landa, filla do filósofo galeguista Xoán Vicente Viqueira; así como compañeiras de significados exiliados e colaboradoras nas actividades culturais da República e do exilio que acabarían retornando, mesmo a morar na Coruña, como a inspectora de ensino Carmen Muñoz Manzano, muller do escritor Rafael Dieste, ou María Elvira ou Maruxa Fernández López, muller do polifacético intelectual Luís Seoane.

A elas poderían tamén engadirse figuras como a galeguista María Luz Morales Godoy, xornalista elixida directora de *La Vanguardia* en xullo de 1936 en Barcelona e encarcerada polo franquismo en 1940, ou Emilia Patiño Fernández, militante comunista, compañeira do filósofo Carlos Gurméndez, encarcerada en 1946.

MARÍA MIRAMONTES

A galeguista María Miramontes foi unha moi boa profesional da costura que co seu labor axudou a manter o traballo editorial á par do seu home, Ánxel Casal, e posibilitou o esplendor da cultura galega de preguerra. Despois do asasinato do seu marido, o 19 de agosto de 1936, paseado en Cacheiras, ela exiliouse en Buenos Aires onde continuou a súa vida independente grazas á súa profesión de modista. Aturou con dignidade a dor pola perda do seu home e refixo a súa vida co novo amor dun seu parente co que casou. Sempre mantivo a súa independencia económica e a lealdade a Ánxel Casal.



SYRA ALONSO SEGUNDO FRANCISCO MIGUEL

1 2 3 4



AMPARO ALVAJAR POR LUÍS SEOANE



A ACTRIZ MARÍA CASARES



ALBERT CAMUS E MARÍA CASARES



MARÍA CASARES POR LUÍS SEOANE

A VANGARDA DE MULLERES LIBRES

Sebastiana Vitales Gascón foi unha aragonesa que emigrou aos Estados Unidos onde adoptou o ideario anarquista cando participou na Colonia "Francisco Ferrer" de Stelton-Nova Jersey xunto ao seu compañeiro, o fisterrán Francisco Ballón Pequeño. De volta da emigración instalouse na Coruña e integrouse na FAI, onde levou unha grande actividade e destacou como oradora nos numerosos actos libertarios dos anos finais da República que a levaron a falar en lugares como Cabovilaño, Vilagarcía, Viveiro, Elviña, Sada, Irixoa, San Pedro de Nós, Betanzos ou A Coruña. En decembro de 1935 acompañou a Federica Montseny ao mitin que esta pronunciou en Betanzos. Federica deixou dito nas súas impresións dunha viaxe por Galicia, publicadas en La Revista Blanca, que Sebastiana era unha compañeira boa, valente, seria e abnegada. Foi integrante do grupo Vanguardia Femenina da FAI coruñesa e fundadora da sección local de Mujeres Libres na primavera de 1936. Ao comezar a guerra civil o seu compañeiro, que fora un destacadísimo militante anarquista, foi paseado e ela acolleu na súa casa de Orillamar persoas perseguidas, polo que foi detida e estivo unha tempada en prisión. Ao saír do cárcere andivo agachada dous anos nos que sobreviviu primeiro levando pan branco desde Sada á Coruña e logo vendendo froita nas minas de wolfram de Aungalada-Coristanco para o que camiñaba diariamente catorce quilómetros coa súa filla Luz. Aquela foi unha época durísima na que pasou moita fame, mais, aínda así, sempre que podía leváballe alimentos aos presos. En 1954 decidiu marchar a Venezuela coas súas dúas fillas e alí mantivo contactos co profesor de orixe galega Ángel Rama, co anarquista catalán Germinal Gracia Ibars e co grupo editor da revista Ruta, do que o catalán era un dos animadores principais. Morreu no exilio no ano 2000. Con ela e por ela e con outras coma ela houbo en Galicia vangarda feminina e mulleres libres. Co acoso fascista sobre ela e sobre outras coma ela perdemos en Galicia a vangarda das mulleres libres. Logo o seu renacer sería difícil e serodio. Mais hoxe outra vangarda de mulleres libres continúa.

Malia as dificultades, as exiliadas lograron ir saíndo adiante e mesmo ás veces realizar un gran labor social e cultural, proseguido polas súas descendentes. Un orgulloso símbolo do éxito das fillas do exilio en terra allea foi sen dúbida a actriz María Casares, nena galega que acabou converténdose nunha primeirísima actriz do teatro e do cinema en Francia.

MARÍA CASARES

Cando María Casares saíu para o exilio levou con ela algunhas das mellores cousas de Galicia, transmitidas pola profunda apertura liberal do seu pai e pola libre estirpe popular operaria da súa nai: o amor á liberdade e á cultura; a autoafirmación e a fortaleza das mulleres; a filoxinia dos mellores homes; e o gusto polo gozo alegre da vida natural. Con esta equipaxe vital privilexiada superou os males do exilio deleitándose na arte dramática que chegou a dominar con absoluta mestría e deleitándose na arte de vivir da que gozou con plenitude. E así, para un dos seus amores, o seu compañeiro Albert Camus, María foi o que ela era: a vida.

JEAN-PAUL SARTRE
E MARÍA CASARES

APPERS





VIVAS EN NÓS

Pero son moitas máis as esquecidas dentro dos esquecidos que agardan aínda a necesaria recuperación histórica e o xusto recoñecemento social que merecen por tanto compromiso e por tanta xenerosidade en defensa da xustiza e da liberdade, como as tamén abatidas Antonia Blas Fernández e África Madirolas Tojo (mortas na Coruña o 22 de xullo de 1936), María González González (de quen se di que era irmá de José e Rogelio González, asasinados na Coruña en 1937) ou Carmen Temprano Salorio (guerrilleira de Oleiros baleada en Val de Dubra en 1949), todas as cales figuran na relación de nomes do memorial Xermolos de Paz e Liberdade da Coruña. Quitáronlles a liberdade e mesmo a vida mais volven a nós como vida e liberdade:

INSCRICIÓN PARA UNIÓN LIBRE

Asasináronas,

mais sempre estarán vivas en nós.

Encarceráronas,

mais sempre estarán libres en nós.

Exiliáronas,

mais sempre estarán dentro de nós.

Acaláronas,

mais sempre falarán para nós.

MULLERES EXECUTADAS DENDE
O 18 DE XULLO DE 1936 QUE FIGURAN
NO MEMORIAL DA CORUÑA

Bello Paz, María

Blas Fernández, Antonia

Capdevielle San Martín, Juana M^a Clara

Dorado, Alicia

González González, María

Madirolas Tojo, África

Otero González, María

Romero Abella, Mercedes

Temprano Salorio, Carmen

Varela Calviño, Teresa



POEMA “PAZ PARA SEMPRE” QUE FIGURA NO MEMORIAL DA CORUÑA


*Perseguíronos con saña.
Detivéronos con sevicia.
Torturáronos con sadismo.
Encarceráronos sen causa.
Xulgáronos sen xustiza.
Paseáronos sen piedade.*

Así os mataron.

*E impuxeron o terror.
E impuxeron a calumnia.
E impuxeron a falsificación.
E impuxeron a censura.
E impuxeron o silencio.
E impuxeron o esquecemento.*

E así trataron de rematalos.

*Contra o exterminio atroz
das súas vidas desfeitas
e contra o esquecemento inxusto
do silencio cómplice
queremos manter viva para sempre*



a memoria galega
das vítimas do fascismo,
en solidariedade
con todas as comunidades do mundo
que padecesen calquera ditadura do terror.

Porque como aquelas vítimas
queremos liberdade para sempre.
Porque por aquelas vítimas
para sempre queremos xustiza.

Porque a realidade é o desexo,
PAZ PARA SEMPRE.



PAZ PARA SEMPRE

Perseguironos con saña
Detiveronos con sevicia
Torturaronos con sadismo
Encarceraronos sen causa
Xulgaronos sen xustiza
Paséaronos sen piedade

Así os mataron.

E impuxeron o terror
E impuxeron a calumnia
E impuxeron a falsificación
E impuxeron a censura
E impuxeron o silencio
E impuxeron o esquecemento
E así trataron de rematalos

Contra o silencio galego
das súas vidas doctas
e contra o esquecemento
do silencio galego
queremos manter vivo o espírito
a memoria galega
das vítimas do fascismo,
en solidariedade
con todas as comunidades do mu-
do que padecesen calquera ditadura do terror.

Porque como aquelas vítimas
queremos liberdade para sempre.
Porque por aquelas vítimas
para sempre queremos xustiza.

Porque a realidade é o desexo,
PAZ PARA SEMPRE

Claudio Rodriguez Fer

Prosas de Carmen Blanco,
procedentes de *Atracción total*,
Vigo, Xerais, 2008

Poemas de Claudio Rodríguez Fer,
procedentes de *Ámote vermella*,
Vigo, Xerais, 2009

CADERNOS REPUBLICANOS
I

VIVAS EN NÓS
MULLERES REPRESALIADAS POLO
FRANQUISMO NA CORUÑA
A RAÍZ DE 1936

Carmen Blanco - Claudio Rodríguez Fer

